

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 05/10/1957

Colección:

Data: 05/10/1957

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixe:

Policarpo Sanz, 22 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Destino:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Destino:

Bartolomé Mitre, 3793, Dto. F (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel. 1562 / Vigo

Temáticas:

Vida gallega; Asuntos particulares; Casa de Galicia (São Paulo); Emigración; Instituto de Cultura Hispánica; Migracións; Programa 7 Días na TV;

Mencionados:

Georges Braque; Isaac Díaz Pardo; José Landeira Yrago; Carlos Maside; Alfonso Paz-Andrade; Pilar Rodríguez de Prada; Eladio Rodríguez González; Maruxa Seoane; Javier Vázquez Iglesias; Evaristo Vázquez Juncal; Luís Vidal Reis;

Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 05/10/1957

5 oct. 1957

Sr. don LUIS SEOANE LÓPEZ
Pintor
Bartolomé Mitre 3793, 2º, F
Buenos Aires

Querido Luis:

Somentes agora escomenzo a ter un pouco de marxe nas miñas angueiras pra me comunicar con vos. Un chega co-a y-alma poboada de imaxes quentes, que siguen vivindo nun, e que cecais fan menos doada a readaptación ao crima tradicional. Os sentimentos latentes reacendense e un volta co curazón cheo de dividas, que ben quixera pagar e cecais non poida.

Maside foi operado en Santiago. Tiña un bullote calcareo na vexiga, que debia agravar o seu proceso diabético. A intervención foi rápida –4 ou 5 minutos–, e ao seguinte día, cheo de ledicia, escoitei a súa voz pol-o telefono. Liberamon-os todos d-unha grave inqueda. Isaac leva unhos gravados en madeira que Carlos envía pra tí. Isaac sahiu no Alberto Doderó e coido que chegará o 17 ou 18. Estuvemos a bordo pra despedil-o.

Escribín a Barcelona pol-o anuncio de qué falamos. A xestión foi encomendada a Luis Suarez Delgado, Av. Mistral, 22. E dime en carta do 27:

“a pubricidade de Empresa fáise nas representacións, por conta das mesmas, cada localidade, con absoluta autonomia. Eiquí supervisan a propaganda e, en alguns artigos, recomendana, pero non a dirixen nin a pagan, por estar comprendida nas concesións”.

Suarez dime que con moito gusto serviría a Galicia Emigrante, da que xa ten coñecemento. En Sao Paulo falei do asunto con Luis Vidal Reis, Medico, Barao de Itapetininga, 120. É unha gran persoa, con sentimento galego, mais preside a “Casa de Cervantes”, filial do Instituto de C[ultura] H[ispánica]. Alí hai mais xente galega, e unha nacente “Casa de Galicia”, presidida por un elemento estimable, Evaristo Vazquez Juncal, Rua Sao Joaquim, 567. Cecais a persoa mais axeitada para representar a Galicia Emigrante pudera ser Jacobo Caldelas Nuñez, rapaz novo, galego, Director de Pubricidade do Programa 7 Días na TV, semanario. Ten un estudo-apartamento en Rua Frederico Steidel, 137, 2º andar.

En Rio estiven con algunha xente intresante tamen, mais coido que a relación debe ser estabelecida con José Landeira Irago. Foi redactor-xefe de La Noche en Santiago. Vive en Miguel Lemos 124, apto. 803, Copacabana, Rio de Janeiro. É un rapaz moi ao día, de boa pruma e crara mentalidade.

Non esquecin canto falamos de compoñer un comentario pra cada numaro sobre un tema economico galego. Cecais logo poida enviarche o primeiro. Estóu por agora poñendo en punto moitas cousas, pra recomenzar a traballar arréu e a fondo, se pode. Quero despachar o libro das conferencias, aínda que unha cousa non impedirá outra.

Os libros que me entregache ao sahir –un sobre Braque e outro de reproducións clásicas–, non viñan adicados nin con destiñatario expreso. Si de palabra me foi dito, esquecín a indicación.

Por Isaac terás información de que os choidos en si mesmos siguen na súa. E até chegando a unha frialdade persoal molesta, como se un tivera que eisaminar a conciencia. Agora preparan unha edición moi costosa d-un diccionario semi-enciclopedico, con leixico galego e narración castelán, escomenzado hai 50 anos por don Eladio Rodriguez Gonzalez. A obra cecais teña moito de aproveitable, no tocante a aportación directa do autor, mais sospeito que hoxe resultará anacrónica en canto a técnica e a outros aspectos. Teremos de seguir moito tempo aínda sen dispor d-un verdadeiro instrumento de traballo, moderno, practico e compeito.

Chegóu Vazquez Iglesias, pra reembarcar. Onte a noite foille ofrecida unha comida pol-o pequeno clan, gardandose moito de enteirar os demais. Se non fora que Otero

canta todo non nos enteirariamos siquera, é o festexado tampouco da motivazon das ausenzas.

Teño a miña xente en Valdeorras. Non voltará até o 13 ou 14, mais tanto Alfonsiño como Pilar, pra Maruxa e prá ti, envían a lembranza mais viva.

Recíbidea coa mellor e mais fonda aperta de

Valentín

P.D. Pra facer o reportaxe en Vida Gallega, ademais das fotos que truxen, precisaría un retrato teu, e si puidera ser, unha boa do mural de Centro Lucense.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.